

# A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

O día 14, Galicia enteira vibrou en fé republicán.  
Disposición franca e aberta de recuperación da auténtica República.  
Hoxe e mañán, os galeguistas, reunidos en Compostela, afirmaremos a vontade de Galicia de acadar a súa liberdade.  
Dúas xornadas que sinalan un mesmo vieiro.

## VERBAS DE CHUMBO

Estou lonxe da Terra, en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre árabe de «Espanta perros» e vexo dende eiquí as rúas ensarilladas da cidade. Hai unha cigoiña lanzal no borde do seu niño e as pombas bravas chían no aire. Na lonxanía percibo Elvas, a praza portuguesa nemiga de Badaxoz. Acompañame un can vagamundo que me sigue a todas partes; un can morriñoso e triste, que me mira con ollos de namorar; un can agradecido que por unha pedra de zucre agarda por min na porta do café, para dar o paseo de total-as tardes. Este cativo animal dame noxo e compasión, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, paréceme un símbolo.

Neste intre sinto por primeira vez a necesidade de escribir para vós, dende o desterro. Non temades aos meus arrousos sentimentaes, porque xa deixei de ser sentimental. Velahí o que hoxe se me ocorre.

\*\*\*

Hai homes que pasan a vida predicando as escelencias dunha doutrina política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confían na posteridade e soñan en trunfar despois de mortos, para converterse en estatuas de bronce e ocupar o centro dun xardín ou dunha praza; pero se a idea que predicán botase axiña raíces no sentimento popular e se, por ventura, xurdise a ocasión de vela convertida en feito hestórico, para abrir unha nova época, entón ollaríades que os mesmos sementadores da teoría collen medo e algúns son capaces de abandonar os seus postos de honor.

Eles gostan de chamar «tempos heróicos» aos do espallamento da idea, e non se decatan de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeos en realidade, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer solitarios filósofos, loitar con inimigos pode ser simplemente un xogo de amor propio, e soñar con un futuro lonxano e venturoso pode ser tamén un divertimento poético.

Cando un home sabe que a realización dunha idea vai producir a felicidade do seu pobo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do trunfo, aínda que a violencia doosa e sanguinenta do parto lle produza inquedanzas; porque o home que duvida no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para manterse no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadino.

Un home que teña fé no ideal que predica non debe resignarse a morrer sen velo realizado. E aínda direi máis, espóndome a que se duvide das miñas convicións democráticas: Se o pobo non quixese enterarse do que lle convén e fíxese desprezo do remedio que pode salvarlo, ¿habería algún home de fé que deixase de impor ese remedio, aínda pol-a forza, se dispuxese de poder para tanto? Un home de verdadeira fé nos ideais que predica, e con coraxe para remediar as desventuras do pobo, vai cara o trunfo cando se poida e como se poida.

De todo e lícito dudar menos de nós mesmos.

CASTELAO.

26 de Abril

## ANIVERSARIO DOS MARTIRES DE CARRAL

O día 26 do mes aitual fai oitenta e nove anos que nas terras cruñesas de Carral, tivo epílogo trágico a epopeia da revolución galega de 1846 contra o despotismo da gobernación centralista e antiliberal de Narvaez.

Epopeia gloriosa que enche por enteiro unha das mais vivas e xenerosas páxinas da nosa historia.

Año trais ano, ao chegar esta data, os galeguistas lembramos a efemérides con lembranza inmorente e tamén co-a saudade de que non trunfara aquel movemento, frustrado pol-a traición, que houbera endereitado a vida da nosa terra por outros vieiros que daríanlle arestora unha realidade diferente da que hoxe cubre os seus destinos.

Ao chegar esta data, os nomes de Faraldo, Solís, Dabán e demais compañeiros patriotas que na xesta tiveron parte destacada e por ela moitos perderon unha vida xenerosa e romántica, brincan do corazón ao cerebro en afervorado sentimento de recordación eterna.

Os homes liberais que aínda hoxe temos que librar duras e fortes batallas para conquistar o trunfo do liberalismo e da democracia non estamos ausentes na conmemoración da data e os galeguistas adicámoslle unha vegada mais as frores do recordo e d-unha veneración que os anos non poderán endexamais extinguir.

Os grupos galeguistas celebrarán o día 26 diversos aitos en lembranza da data e no momento que en Carral ergueu a Liga Galega na Cruña, precursora do aitual movemento patriótico, aos mártires da Causa da liberación de Galicia depositaríanse frores e verbas encendidas de amor a Patria, á democracia e á liberdade.

## A nosa Asamblea

Poucas horas despois da saída d-este número, adiantada n-un día, dará comenzo na vella Compostela a IV asamblea do noso Partido.

Pol-os camiños que a Santiago conducen, como nova pelengrinación, andarán xa os romeiros da galegüidade portadores do vibrante entusiasmo patriótico que cubre os seus peitos xenerosos.

Un latexar unisono dos seus corazóns cos sons vibrantes do noso Hino encherán o ceo compostelán coma unha nova constelación de estrelas de liberdade.

De total-as bandas da nosa terra chegarán a Santiago centos de irmáns que levan a representación dos milleiros que non poden acudir. Milleiros de pensamentos enfocados deica a nosa xuntanza, milleiros de anacos do gran exército da galegüidade que estarán pendentos das deliberacións da asamblea.

N-éla, unha vegada mais, co espírito ergueito a ollada posta no porvir da Patria, os irmáns que interveñan nas deliberacións farano entonando co-as súas verbas vibrantes e emocionados cantos xenerosos a liberación da Terra. Ideal quente, ampro e subríme que afinará nos peitos e nas concencias a sagra irmandade de pensamento e acción.

Hoxe cubrírase en Compostela unha nova e gloriosa páxina na historia do galeguismo que vén a ser a verdadeira, a auténtica Historia da Galicia contemporánea.

GALICIA SOMOS NOS, dixo fai anos Vicente Risco con vixencia profética. GALICIA SOMOS NOS, e hoxe en Compostela daremos unha proba mais aos que poñen en dúbida que somos os reconstructores da nova Galicia que si aínda por hoxe aínda somentes no noso pensamento vai camiño de ser unha inmensa e profunda realidade.

A NOSA TERRA en nome do Partido saudamos con amor, co que é capaz de sentir un galeguista, aos irmáns axuntados en Santiago.

## ALENTIAS

A solución dada á crisis prantexada pol-o Goberno mais funesto que padeceu Galicia, dende a caída da Dicitadura militar, veu a acelerar un proceso fatal, cuia nacencia está en Santos de 1935. Referímonos a un remate por liquidación de unha xeira de Goberno.

Era mais que sabido, que a dura de estas Cortes, non habrá sere os catro anos que lles correspondía. E non podía selo por unha razón sinxela: a de non representala vontade do país. Fálase agora porx entes que formaron no bloque gubernamental, de prolongala vida do Parlamento deica Nadal, data en que os señores deputados dos partidos da maoría acordarían a revisión da Constitución e, por tanto, a disolución automática das primeiras Cortes ordinarias da República Española - Constituintes de Antirrepublica.

Motivos mais que de abondo temos, pra pensar que isto non aconteza atal

## DO MOMENTO

## IMPRESIONES

En Madri sigue, por agora, igual a cousa que a derradeira semán. Continúa o señor Lerroux bailando na corda froxa da convivencia republicán, etc., etc. e ao mesmo tempo, como os saltimbanquis por si hai caída mortal, tratando de que as dereitas lle sirvan de colchón. Os trinta días reducíronse en oito menos... O fin da charada acaróase.

O derradeiro domingo as xornadas republicáns en Galicia tiveron unha semellanza fonda, en entusiasmo e motivo, co-as ineqüescentes anteriores a programación da República.

En moitos pobos da Terra os auténticos republicáns avencellados pol-a idea de recuperación da verdadeira República e conqüerimento do réxime autonómico que Galicia necesita, inzaron de verbas, promesas e xa posibles realidades a nova fé que aínda nos peitos cheos de esperanza e dispostos a loita pol-o conqüerimento das dúas finalidades. De agora en adiante todolos días teñen que ser catorces de Abril que nos encamiñen cara o trunfo.

Pol-o abrangüemento de un novo 14 de Abril, data simbólica, que restituía as esenciais da República e done a Galicia a súa liberdade.

\*\*\*

A nosa IV Asamblea. O Partido Galeguista reunido en Compostela afinará, unha vegada mais, o seu camiñar pol-a estrada da realidade política do momento.

A ollada ao lonxe, na meta gloriosa da Idea, e pisando o terreo firme que a asamblea de Ourense marcou con vixencia indiscutible, o galeguismo político, inzado das esenciais románticas e esprituais dos primeiros tempos, afirmará a súa inquebrantabel unión e disporase a continuar un ano mais a súa labourea, chea de sacrificios e ategida de entusiasmos, a prol da diñificación política de Galicia —nunca como hoxe mais necesaria—, da súa republicaniación, que quere decir non voltar ao pasado que hoxe resucitan un partido falsamente republicán en noxento maridaxe cos mais auténticos e históricos inimigos de Galicia e da República e a súa autodeterminación que é o acadamento do vieiro de liberdade que Galicia necesita para se recuperar a si mesma e reconstruírse esprituall e materialmente.

Camiño real, único, que nos levará ao final da xornada. Camiño que seguiremos percorrendo todos xuntos apertando mais e mais os eslabóns d-esta cadea de espritos que se chama o PARTIDO GALEGUISTA.

VICTOR CASAS.

e como se desprende de unhas declaracións do cabezaleiro do Partido Agrario Español, feitas n-estes días.

E abrigamos a nosa desconfianza, en que xa pasan de rumores os anuncios de unha nova crisis, pra os días anteriores á presentación ao Parlamento do aitual Goberno minoritario. Figura que refaceráse o antigo bloque e pol-o cal haberá que deixar unhas carteiraas vacantes, pra que as ocupen C. E. D. A., agrarios e reformistas.

E así irase tirando deica que S. E. se decida a disolver o aitual Parlamento, pois o que é dos deputados que gozamos, moito será supór que acordaran meterse nas suas casinas. Teirán de pasar por un trance ao que pol-o de agora non se resignan: a decírlle voluntariamente adeus aos escanóns que os aturan. ¿Qué saudade sentirían os O'Shea, os del Moral e os Pita Romero!

E pol-o demais, pouca importancia ten e pouca perda seira que deixaran incumplidas as promesas contraídas cos caciques que lles deron os votos. Aquelo de exterminar o separatismo, o marxismo... e rematar co paro obreiro, non era nin mais nin menos que a carnada con que había que pescar aos caciques. O pobo xa non creía n-eses redentores.

Mais sexa d-un ou de outro xeito, o que compre é estar dispostos a librar a mais grande loita electoral dos novos tempos. A ninguén collería de sorpresa que un bon día, un parte nos anunciara a disolución de Cortes. E ¿estamos preparados pra lanzarnos á unha campaña electoral? ¿Téñese feita labourea de ficheiro de cada unha das comarcas do noso país? ¿Téñese preparada xente que n-un intre dado fosen fiscalizadores da elección? Eu non o sei.

Mais quero lembrar que en plena Compostela, n-un colexio do centro da cidade —no de Fonseca—, votou nas derradeiras eleccións, Xan por Pedro e Andrea por Filomena. Non houbo intervención da candidatura galeguista-federal, deica as once da mañán en que xa votaran total-as faldas do censo. E do agro xa nin falar. Os pucheirazos de Touro, Arzúa, Noia e Ponte de García Rodríguez, por non decir mais, foron o escándalo mais enorme que encerra a historia eleitoral en Galicia, que non son poucos.

En troques, n-aqueles lugares onde houbo unha intervención conscente, como en Outeira a comarca ferrolana, foi moi distinto. Isto sábeo moi ben Suarez Picallo.

Así, pois, en estas condicións, compre ir pensando en tomar posicións. E fácil ver que na próxima loita, a intervención e fiscalización será moito mais doada. Non será cousa de tolos

matinar en que ao máximo loitaran tres candidaturas: Republicanas e autonomistas auténticas —naturalmente incluídos os socialistas—, republicanas radicais e dereitas. Eso si os radicais non acordan irán coaligados coas dereitas que todo poidera ocurrir.

Este é ao noso parecer o panorama eleitoral vindeiro. E é cousa de ir traballando e prepararse pra loitar.

As eleccións vindeiras non poden ser un escarnio pra Galicia; como as pasadas o foron. E por outra parte unhas eleccións, tratándose de xentes que non carecen de ética e que pol-o tanto estalle vedado facer o que sempre se fixo nos Gobernos civís, non se improvisan.

Por esto coído que é tempo de preparan xente pra calquera das aitoridades que se precisen. De non sere así, reproduciríase a vergonza de Novembro de 1935 e, denantes que iso aconteza, preferimos sinceramente que Zamora fale por nós, como n-outora.

MARTIÑO DE VILARRUBE.

## Moxenas

N-unhas declaracións feitas por don Ale a un xornalista madrileño, dixo pouco mais ou menos que os republicanos sintense xunguidos pol-o ideal.

Cecais algúns radicais se sintan xunguidos pol-o ideal Gallego...

Por outra parte pra xunguírse con Emiliano, compre ser algo mais que godo.

(Disimúlame querido Amaro de Vilamelle, pero non podo resistir empregar esa verba.)

Nun mitin orgaizado por F. E., o camarada Buhigas, de Vilagarcía—mais malencónico e mais neurasténico aínda que o deputado femenino da Ceda, de semellante apelido, e con quen ten rasgos faciais idénticos— só puido falar cousa de 5 minutos. Non sei que nó se lle puxo na gorxa que lle impideu artigoar unha verba mais.

Rematou así súpeta e inesperadamente, pero o conto é que par disculpárase do escaso número dixo: «A í como por disciplina y por imitar al Duce soy capaz de unirme a un arado, también tengo fuerzas para echar cinco mítines seguidos, sin desconectarse.»

Parece ser que un achegado lo «camarada de café», emprega a miu, do unha terminoioloxía semllante.

¿Qué potencia ten esa familia!

(Segue na páxina 4)

Este número foi visado pol-a Censura

# Aitividadades do Partido

## O 14 de Abril en Galicia

Ao marxe total dos aitos oficiais que o día 14 celebráronse en toda Galicia houbo os que os partidos auténticamente republicáns, de oposición ao que hoxe figura no Poder, agarimado pol-as forzas que se opoñen ao decurso normal e lóxico da República, celebraron nas nosas capitales, vilas e aldeas.

Presidiu todos eles un entusiasmo desbordante e unha forte unión para a reconquista do espírito que inspirou a programación da República, avencellado a unha seria identificación cos problemas de Galicia que a nosa terra ténde resolver no momento en que o réxime recobre a súa forma primitiva e auténtica.

En todos eles deixouse ouvir a voz dos representantes do noso Partido que levaron aos aitos un índice das necesidades galegas, unha identificación absoluta coa necesaria labourea de recomenzar na nosa terra a recuperación republicáica que sexa capaz de endereitar a vida galega pol-os camiños da súa dinificación política e conxuntura da súa autonomía.

As verbas dos nosos oradores acadaron en todas partes o aprauso e identificación suficientes para térxalo o convencimento de que no momento, inevitabel, en que a República se recupere, Galicia terá logrado o encantamento de vieiros que a encamiñen deica a súa liberdade.

Mais aparte d-ésto, cuxa importancia non pode luxir a ollada de ningún, houbo outro motivo que nós queremos destacar como mercesce. Nas conclusións que de moitas partes de Galicia, especialmente da provincia de Pontevedra, eleváronse o Goberno Central figuran—entre outras que se refiren aos tratados comerciais que perxudican a Galicia— a petición de que se repañen nos seus postos, dos que foron inxusta e cobardemente trasladados, aos nosos irmáns Castela e Bóveda.

Petición na que participaron sinxeramente todos os partidos, aínda aqueles que non teñen con nosco ningunha identificación programática.

Velaquí un feito que ténde de nos encher de satisfacción. Castela e Bóveda, nosos irmáns ben queridos que sufreron os rigores d-unha política incivil e rencorosa, foron ouxeto de lembranza garimosa e ovacións quentes cando ao leurse as conclusións sonaron os seus nomes. Nós non podemos esquecer endexamais este feito que coídamos e programamos motivo de agradecemento fondo que, si ademais non houbera outros, serviría d-abondo para xustificar a presenza nos aitos que citamos de representantes autorizados do noso Partido.

Gracias rendidas e cordias a todos e que os motivos que inspiraron, no orde republicáico e galego, os aitos do 14 de Abril en Galicia sexan conxeridos.

Pol-a República verdadeira, pol-a liberdade de Galicia e pol-a dinificación da súa vida política.

\*\*\*

### EN PONTEVEDRA

Orgaizado pol-os partidos alleos a situación republicáica auténtica, obreiros e agrarios celebrouse un gran mitin no cine Coliseum. A él foi invitado tamén o noso Partido.

Tíñase pensado facer na praza de touros mais debido ao tempo houbo que celebrar no Coliseum que foi totalmente insuficiente para a enorme cantidade de xente que a él concurriu.

Falaron n-él: pol-o partido de Unión Republicana, o señor Adrio Barreiro; pol-a federación agraria, o señor Barbadó; pol-o Partido Galeguista, o irmán Alvarez Gallego e por Izquierda Republicana o señor Osorio Tafall, pol-o orde que se indica.

Os oradores enuciaron, cada un dende o seu punto de vista e do seu partido, a situación política do momento e os orixens e causas do estado actual da política española. Ata-cararon fortemente aos partidos de dereitas aducindo argumentos e probas para xustificar o ataque.

O representante da federación obreira-agraria aludiu a determinados aspectos alleos a finalidade do aito que o señor Osorio Tafall, derradeiro orador, recolleu con maestria e contestou para deixar as cousas aclaradas e no punto que a finalidade do mitin e a colaboración que a él prestaron os partidos requeria.

Todos eles foron ouxeto de quentes e prolongadas ovacións durante os discursos e ao seu remate.

O noso irmán Alvarez Gallego pronunciou un gran discurso.

Comenzou acrarando a coincidencia da colaboración no aito dos partidos que n-él interviron facendo constar que se debía a conmemoración da data mais que de ningún xeito ataña a liberdade absoluta de pensamento de cada ún que ténde o seu camiño trazado e unha disciplina programática a que se debe principalmente.

Alude a enfermidade crónica de falla de vixencia que padecese a Constitución dende Novembro do ano 33. Fai resaltar o fortalecemento dos partidos de oposición pesi as persecucións que sufreren dende hai meses.

Di que a República estivo a punto de ser federal, o que a libertaria de tantos tropezos, precisamente por unha enmenda presentada por Otero Pedrajo. Mais un monárquico como o señor Alba, que hoxe preside o actual parlamento contrario a República e as súas esenciais, impuxo o seu criterio e conxeriu que non trunfara o federalismo.

Encol da situación do parlamento ordiario recorda que non houbo durante a súa existencia mais que dous momentos de intrés e entusiasmo republicáico que foron cando Indalecio Prieto tundo a Calvo Sotelo e o discurso de Azaña. Analiza brevemente a situación contraria ao espírito republicáico e para elo recorda, entre outras cousas, o caso de Alvarez Valdés con respecto a Galán e García Hernández.

Fala das eleccións de Novembro que deron o trunfo as dereitas e sinala algúns casos concretos sucedidos en Galicia tendo condenación para os que, homes, mulleres e cregos, aos que califica como o mais descastado de Galicia, fixeron da relixión e da imaxen de Cristo motivo eleitoral e bandeira política.

Brevemente analiza a situación española nos aspectos que as dereitas decían iban a resolver deducindo, con razóns indiscutibles, que despois de ano e medio os problemas agraváronse fondamente.

Fala das tributacións de Galicia facendo comparacións co-as de outras rexións. Alude aos tratados comerciais especialmente aos feitos co-a Arxentina e Uruguay dos que este goberno dase presa en aprobalos ante o silencio do ministro galego que cando do mesmo asunto se falou durante o goberno Azaña tanto combatiu no seu xornal ao parecer despois do que hoxe sucede nada mais que porque estaban no Poder os partidos de esquerda.

Despois fala da política provincial que condena e ataca con frases duras que promoven aprausos fortes. Sinala a inxusticia cometida con Castela, Bóveda e Varela Rendueles; o caciquismo groseiro e incivil que se apoderou da provincia e outros aspectos da situación.

Invita a democracia pontevedresa, tan rexa e vivente a botar bola negra na votación espiritual que expulsa do seu contaito ao que xá o foi das Cortes Constituintes.

Sinala a diferenza do 14 de Abril e o 19 de Novembro e despois de falar do dereito autonómico das rexións invita a unha coincidencia, aparte os programas e disciplinas, para enterrar para sempre a política que hoxe desenrolan en Galicia os seus inimigos que son tamén os da República.

Foi longamente ovacionado durante o discurso e ao remate.

Ao final do aito deu lectura as conclusións que, se refiren a restablecemento das garantías; a reposición dos Concellos de Abril do 31; amnistia; liberdade de prensa sin censura; indultos; devolución a Catalunya da súa autonomía; autonomía das rexións; non aprobación dos tratados que perxudican a Galicia; reposición nos seus destíños en Pontevedra dos funcionarios Castela, Bóveda e Varela e outras.

A saída do mitin organizouse unha imponente manifestación que foi ao Goberno Civil a entregar as conclusións.

A dúas da tarde celebrouse un xantar orgaizado pol-os partidos republicáicos que estivo moi concurrido. Non houbo discursos. Somentes o irmán Valenzuela co-a súa característica gracia recitou tres contos galegos que foron recibidos con fortes aprausos.

N-outros lugares da provincia hou-

bo aitos semellantes nos que se dirixiron ao Goberno as mesmas peticións.

### EN VIGO

Entre os diversos aitos que os partidos legitimamente republicáicos celebraron; destacan pol-a súa importancia e transcendencia política a manifestación que orgaizada por eles celebrouse pol-a mañá.

Mais de cinco mil personas desfilaron pol-as principais rúas viguesas deica a praza da República entre vitoriosos significativos gran entusiasmo.

Entre as concrusións dirixidas ao goberno figuraban as mesmas que se enviaron dende Pontevedra.

Ao mediodía na casa Molinero tivo lugar un xantar. A él concuriron mais de tres centos comensades figurando representacións destacadas dos partidos de Izquierda Republicana, Unión, Conservador, Galeguista, Socialista e orgaizacións obreiras e agrarias.

Tíñase acordado que non houbera discursos mais ao remate do xantar os concorrentes de xeito unánime pediron que falara o Segretario Xeral do noso Partido, Gómez Román. Ante a insistencia e no medio de unha gran ovación, o noso irmán ergueuse para pronunciar un elocuente discurso no que recolleu a sinificación verdadeira do 14 de Abril examinando os problemas que actualmente ténden pendentes a República e a situación dos partidos que dende fai ano e medio están encamiñando ao réxime por vieiros perigosos para a súa existencia.

Refírese a política provincial e aos problemas de Galicia agudizados nos derradeiros tempos aludindo a aspectos concretos recentes nos dous puntos rematando a súa improvisada e destacada intervención facendo unha chamada aos republicáicos verdadeiros a prol da unión de todos para lle devolver a República o seu verdadeiro espírito e acadar a liberdade de Galicia.

Unha ovación enorme en medio de vivas a República e a Galicia autónoma coronou o seu discurso. Ao remate cantouse o Hino de Riego e o Galego.

### EN BUEU

Orgaizado pol-o grupo galeguista e os partidos republicáicos, agrarios e obreiros celebrouse un aito consistente n-unha conferencia que pronunciou o noso irmán Núñez Búa.

Falou da sinificación do día, dos problemas da República, da política provincial e das cuestións que Galicia ten pendentes examinado detalladamente os aspectos que se refiren a vida dos agrarios e mariñeiros da nosa terra sinalando as únicas solucións posibles para o conxerimento de unha vida folgada chea de liberdade e melloramento necesaria para Galicia.

Foi longamente apraudido deixando a súa conferencia unha enorme impresión que terá de traducirse en feitos elocuentes para o desenrolo da política en Bueu.

### EN SÁRDOMA

Orgaizado pol-o sindicato agrícola e gandeiro celebrouse un mitin no que faloron oradores de varios partidos republicáicos. Invitado especialmente, falou tamén o noso Segretario Xeral, Gómez Román.

### EN OURENSE

Ademais de outros aitos tivo lugar un banquete no Hotel Miño orgaizado pol-os partidos de oposición no que faloron representantes dos partidos orgaizadores.

Polo Partido Galeguista falou Eleuterio G. Salgado sendo acollido o seu discurso, que versou encol do momento político, aspectos da situación de Galicia e xuntanza republicáica, con moitos aprausos.

### EN SANTIAGO

Tiveron gran resonancia os aitos orgaizados pol-os partidos republicáicos. No pabellón da Ferradura houbo un mitin no que o local foi insuficiente para recoller a enorme cantidade de público.

Falaron n-él oradores de Unión Republicana, Federal, Izquierda Republicana e Galeguista. Pol-o noso Partido interviu Suárez Picallo que como sempre pronunciou un formidable discurso moi axeitado ao aito e recollendo admirabelmente o momento político hespañol e galego. Foi ovacionado con calor e entusiasmo.

Na inauguración da Casa da República pendurouse primeiro a bandeira galega tocándose o noso hino e a continuación a bandeira tricolor aos acordes do Hino de Riego. Houbo vivas

estruendosos a Galicia libre e a República do 14 de Abril.

No Hotel Suizo tivo lugar un banquete no que faloron López Pol e novamente Suárez Picallo.

Ademais fixéronse nos arredores de Santiago algúns mitins de concentración republicáica nos que interviron elementos do Partido Galeguista.

### EN LUGO

Os partidos republicáicos orgaizaron un café democrático no que faloron oradores dos partidos de oposición entre eles un representante do Partido Galeguista.

Cantouse o Hino Galego e o Nacional e brindouse pol-a unión dos partidos auténticamente republicáicos.

### EN REDONDELA

Ademais dos aitos celebrados nos que participaron os partidos republicáicos, o noso grupo espallou un manifesto onde se recolle nidiamente a posición do Partido Galeguista no que atingue ao seu republicanismo, autonomismo e colaboración táctica cos partidos auténticamente republicáicos que teñen con nosco coincidencia de apreciación do que debe ser a República e Galicia autónoma.

### NA CRUÑA

Tivo lugar no Teatro Rosalia Castro un formidable mitin que estivo materialmente abarrotado de público deica o punto de ténde que ficar a xente amontada.

Falaron n-él pol-a Juventud Republicana, Fernandez Berguer; unha representante da Agrupación Republicana feminina; Cesar Alvarj pol-o Casino Republicano que fixo un vibrante discurso ateigado de fondo e sinxeiro autonomismo e republicanismo esquerdista; Villar Ponte pol-o Partido Galeguista, facendo un gran discurso recollendo o momento político en relación co-a situación dos radicales e das dereitas e argumentando solidamente en favor do conxerimento da autonomía galega como único camiño de consolidación do réxime en Galicia e liberación da súa vida espiritual e material; Miñones por Unión Republicana que abogou igualmente pol-a autonomía de Galicia facendo un análise da obra dos gobernos e das Cortes aituas; Manuel María González, por Izquierda Republicana que combatiu as dereitas e radicales facendo resaltar a diferenza entre os dous primeiros anos da República e os dous derradeiros e Alfredo Suárez Ferrín que presidiu o aito, como alcalde de elección popular, resumindo os discursos dos anteriores oradores.

Ao final cantouse o Hino Galego e o de Riego resultando un aito preno de entusiasmo e republicanismo e autonomismo verdadeiro.

Despois houbo un banquete orgaizado pol-o mesmos partidos no que non se pronunciaron discursos.

\*\*\*

Feita xá a reseña dos aitos recollida brevemente da prensa cruñesa, chégannos noticias dereitas dos irmáns da Cruña na que nos din que o mitin foi unha cousa sinxelamente apoteósica no senso republicáico e autonomista.

Cando Vilar Ponte falou do desterro de Castela e Bóveda o público posto en pé tributou aos irmáns desterrados unha forte ovación con diversos vivas.

Ao remate do aito as tres mil personas que a él acudiron, cantaron o noso Hino entre vivas a República do 14 de Abril e a Galicia autónoma.

### EN SADA

Celebrouse como tíñamos anunciado, o domingo 14 d-Abril, 4.º aniversario da República, o mitin de exaltación republicano-galeguista, orgaizado por iste Grupo, con colaboración de Izquierda Republicana e Unión Republicana, que aínda que non dou

ningún ourador, estivo representada pol-o seu xefe en Sada Sr. Pérez Pazos, gran republicáico e amigo de Galicia.

Na tribuna adornada pol as bandeiras tricolor e galega, sentáronse os comités en pleno, o señor Pérez, e os ouradores que fixeron uso da verba. Presideu Xusto Rodríguez, presidente do Grupo Galeguista, e-o I.º Alcalde da República en Sada, abrindo o aito con unhas verbas de encendido republicanismo-galeguista, e presentando os ouradores n iste orden:

Amador Cubeiro, de I. R., fai unhas consideracións sobor da labourea da República, e que aínda sendo a primeira ves que falaba, revelou as súas fondas inquedanzas pol-o réxime republicáico.

Xohan A. Suárez Picallo, do G. Galeguista de Sada, fixo unha arenga de republicanismo e galeguismo, na que cuxa vos, rexa e forte, brilou a protesta varil, do pobo de Galicia escravizada, e da República do 14 d-Abril de 1931, hoxe vilmente terxiversada pol-os falsos republicáicos. Foi quizáis o que mais axustado estivo a data que se conmemoraba, dempois do noso Vilar Ponte.

Acosta Pan, de I. R., historiou o movemento da República, e as leises mais combatidas pol-os reacionarios, entre elas a do divorcio, que dixo—utilizan mais eles que nos.

Plácido Castro, da Cruña, galeguista, coa súa cultura inmensa, fixo unha oración reposada, chea de galeguismo doutrinario, que o auditorio escoitou embelesado.

Manuel Insua, de I. R., empezou facendo unha evocación do patricio D. Manuel Lugo, como un dos mais ilustres sadenses, lamentando que pol-o seu mal estado de saúde non estivese presente. (Firmado por Xusto mandóuselle un mensaxe de respeito e admiración, sendo acollida a súa lectura feita pol-o irmán Picallo, con unha fonda ovación e vivas a Lugo). Siguen logo falando da súa labourea e desvelos pol-as con os de Sada, sobre todo pol-a ponte do Pedrido, cando foi Presidente da Diputación, e acabou dando un viva a República galeguista.

Vilar Ponte (Antón) cerrou o aito con unha mañica defensa, da República, da Autonomía, e da Democracia, que entusiasinou os ouvintes, terminando o seu discurso que foi corto pol-o seu mal estado de saúde, con un canto dirixido as mulleres, que en grande cantidade estaban no aito, arrancando francas risas e largos aplausos. Cerrouse o aito, cos himnos galego e de Riego enxordecedores vivas a República e a Galicia, constituindo unha xornada trunfal progaleguismo mariñán.

Público, en cantidade tal, que ademais do local atestado, enchía os arredores a empuxons por ouir os ouradores; 50 guardias de asalto, e un delegado do Gobernador, enviado por unha man amiga, a quen lle estamos fondamente agradecidos pol-a importancia que nos dán, e llo deben estar os guardias que como non tiveron ren que facer, adicáronse a piropear as raparigas.

O manifesto espallado pol-a mañan en todas as parroquias do concello foi outro trunfo. Leeuse, comentouse, e gardase, porque n-el vai o Programa do Partido, e o local. Agardemos os seus froitos que non han de tardar.

En Ferrol, Ribadeo, Viveiro e outros pobos galegos tiveron lugar tamén aitos semellantes aos reseñados nos que tomaron parte elementos galeguistas e nos que o republicanismo mais auténtico e o mais sinxeiro autonomismo presidiron a cordialidade republicáica e galeguista que inspirou a súa celebración.

**IMPERMEABILIZANTES**  
**VATERSTOP**

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMEDAD E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONES

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

**PRODUCTOS WATERSTOP**

Axencia xeral pra Galiza:  
**Porta da Pena, 6. - SANTIAGO**

# GALICIA

OUTAVOZ NAZONALISTA DA F. M. G.

Núm. 16

## ANTE A II ASAMBREIA ANACOS DE UN DISCURSO

Arenga á xuventude galega

Por PRUDENCIO TABOADA TABANERA

Irmáns: A lividez d-unhas cuartelas, non teñen a gran forza de estímulo que ofresce a un orador a paisaxe d-un auditorio mozo fervoroso e disposto a mostrar a quentura da súa fé nacionalista.

Pro a súa brancura anémica, lémbrome da fonda crisis porque atravesara a nosa terra, treiciada inicamente, pol-os que se dispuxeron a servila no campo da política.

Ollade, rapaces irmáns, a situación política da nosa Patria. Ollade pra ela un instante, vencendo a nosa natural repugnancia, pra decatarnos da ruín explotación de que sigue sendo ouxeto.

¿Qué ten adiantado a Galicia dende a proclamación da República no 1931?

As mesmas inxusticias económicas. Os mesmos aldraxes dos políticos da Terra e de fora de ela. A mesma degradación, que nos xuntou arredor d-ela co proposto de servila e defendela.

E perciso que ollemos as xuventudes pra a política ate que o noso estómago reacioe contra d-ela con mais intensidade.

Agora imos a xuntarnos en Asambreia. Dista Asambreia ten de sair a única solución dos nosos problemas económicos e sociais, porque tan soio somos nos os que aínda non treiciamos a Galicia.

Por iso compre o mais grande entuseasmo aparelado co máisimo sacrificio nista hora da moedade galega.

Grande responsabilidade temol-os mozos nacionalistas na hora presente. Por iso temos que sustraer o noso espírito de total-as influencias pra dirixila nosa vontade i-o noso pensamento por un soio camiño: Galicia.

Preto de hoxe atópase a data de Carral.

Todos temos que concurrir á nosa Asambreia saturados da limpeza e do romantismo que os mártires de Carral gardan pra sempre nas súas cobas.

Galicia, tan soio Galicia, ten de ser o nosa disciplina. Aínda temos que crear a Patria que gardamos inédita na nosa i-alma.

Vinde todos dispostos a cantar i a maldecir.

A nosa voz e a única voz nacionalista, e Galicia necesita de elo.

Ergámonos nun pulo de revolucionarismo galego, novo revolucionarismo das estridencias amarxistadas, senón no único revolucionarismo que admite a nosa postura nacionalista.

O revolucionarismo bó e xeneroso que levou a morte ós santos de Carral.

¡¡Ei Terra, eiii!

### LEMBRANZAS DA F. M. G.

O 26 de Abril do 1846, foron asemiñados en Carral os mártires da liberdade galega. ¡Mozos!

¡¡¡ VIVA GALIZA CEIBE!!!

### Carta da Segredaría de Organización da F. M. G.

GRUPO DE RIANXO.—N-iste Grupo ten a Mocidade nacionalista galega unha das mais valentes trinqueiras. Todol-os irmáns derradeiramente encarcerados e perseguidos teñen co-eles o corazón de todol-os seus irmáns na Causa da Terra. A nosa aperta diante o seu exemplo.

Recibimos a vosa. O Conselleiro da Comarca informarávos encol das circulares d-ista S. O.

A. BEIRAS. SANTIAGO.—Fai un tempo que nos chegou a tua iniciativa de adoitar como himno pra as Mocidades o de Brañas. Encol diso xa matinara a S. O. nunha das súas xuntanzas. En derradeira instancia e diante a veciñanza do Consello Nacional e Asambreia da F. M. G. ise punto como os de distintivo, etc., fican pendentes de sancionamento.

X. ALONSO VARELA.—Como resposta a tua derradeira, fican constituída a delegación da F. M. G. de VILANOVA DE LOURENZAN. A razón de non remitirte o que solicitas na tua é a mesma que poñemos ao irmán Beiras.

**CAFÉ GALICIA**  
Cantón Grande  
A Cruña

### INQUÉRITO

#### Defensa, xustificación i-elo-xio do separatista

No coro de voces que falan oxe no nacionalismo galego, falla o meu epifonema separatista.

Moitos homes do galeguismo falan nos mitins, escribe nos boletíns e din: nós non somos separatistas—como pra ceibarse dise alcume que lles boten por riba—, nós imos tamén contra o separatismo; anque, engadéu algún, nós chegaríamos a xustificalo e axudalo si o Estado hespañol continuase cego como ata agora pra os nosos problemas esenciais.

Eu sí: eu son separatista; nidiamente, seguramente. Como postura activa radicalmente consecuenta c-unha definición ideolóxica: o nacionalismo. Como xeito expresivo d-unha afección entoñada no profundo inconsciente do meu ser, que non é meu xá porque pertece ao tradicional, ao acervo colectivo: o patriotismo. Dende que os Reises Católicos comenzaron a obra monstruosa do noso submetimento, dende que comenzou o noso adormecimento na asimilación a Castela, o castrexamento das nosas enerxías raciais, Galicia deberá encamiñarse pol-a única loita arredista; como reacción natural, biolóxica, como pulo salvador. (Pero Galicia case chegou a soicidarse afogando no asoballamento extranxeiro.)

D-eiquí a nosa misión crara, taxativa, descontra teorizacións, retóricas e sober tudo frente a posicións cómodas que nos entreguen de xionllos ao inimigo: o arredismo; sinxelamente, fortemente. Temos que recriar no pobo galego que soio é masa a vontade nacional, o imperativo patriótico; comenzando por fortifical-os en nós mesmos.

E logo vén o universal: unhos teñen unha concepción católica, que perciamente terán de facer encarnar na nosa alma nacional; outros teñen unha dialectiva materialista que quererán aplicar na nosa Terra d-acordo coas

Irmáns:

Coido que caíchedes n-un grande erro, ao me chamar pra eu vos falare n iste día. Eu son un probe romántego, i-eiquí percisábase un home menos fora de tempo e menos dado ao pranto, que soupera aproveitar iste intre c-un senso de fonda política. Eu farei o que poida, e se sintides tremenme as verbas, decatádevos que hoxe falo en púbrigo pol-a primeira vegada na miña vida.

Tudos vos sabédelo millor que eu o sei: No ano 46 do derradeiro século, a santa indiñazón de un fato de homes cabales—e seica ao decir cabales dixeno tudo—ergueron en Galiza o estandarte da rebelión. E tremaron os homes de Castela, e, por maliaxe, tamén tremaron moitos homes da Galiza, como os mouros tremaron ao ollare no lonxe o circo de lume do Cid; caer as xestas dos herois teñen sempre o vieiro orelado pol-as silvas moñentadas dos cativos. I-eu xiurovos que os cativos tremen hastra a morte. I-o chan de Castela estános a decir que aínda treme; car o chan de Castela fai o circo de penedos que fan as augas cando a pedra fende a súa eistúpida mansedume. As augas teñen sido feitas pra erguere ondas e criare peixes, i-a terra pra erguere outas montañas e dare herba verde!

Eu son un probe romántego, car outro mozo n-iste intre estaríavos a dicir que en Carral hai unha dúcia de esqueletes, agardando que nos vaimos faguer fochas de lume bermella cos seus osos. Mais ou dígovos que en Carral hai unha dúcia de covas, i-enriba das covas unha dúcia de illós, a refrexar na súa auguñá queda o bico garimoso de unha estréla. E aínda vos digo mais: e preciso que guindemol-a pedra do noso homaxe pra os cabales e da nosa indiñazón pra os cativos, na mansedume dos illós de Carral. I-o bico da estréla ha trocárese en cen bicos, i-a i-auga fará un satírico retrato do tremor medoñento da Castela.

Mais xa vos dixen ao comencemar que na-quit intre de gloria do ano 46 tremaron, por maliaxe, moitos homes da Galiza—e disculpai que a taes xentes lles chame homes.—E agora dígovos que os fillos i-os netos dos malnados bulen ante nosco, falan con nosco, viaxan con nosco, estudan con nosco. E non ha serel: os fillos dos Solís e dos Faraldos, feitos montañas, soilo poden deitar pedras a i-auga morta e cheirenta dos fillos e dos netos dos treidores.

E seica xa vol-o dixen tudo. A loita non ha rematar namentres a i-auga faga espello; soilo teremos gaño cando non haxa un intre en que as nosas pedras deixen de fendel-o lombo dos illós. E non recuádes, si os illós cheiran a podre: e perciso remexelos pra que se enchan do arume balsamado dos eidos. E perciso remexer no mais fundo dos espíritos dos fillos dos cativos, e perciso ceibalos da lama, aínda que non sexa mais que pra non deixar empocar a nosa paisaxe.

En Carral durmen o sono infindo as caliveras dos herois do 46, sen que de entón, n-outro anaco da terra galega, fórase deitar pra sempre outro corpo furado pol-as balas casteláns: Unha dúcia de caliveras non fai un penedo; e soilo cando tiñamos feito un penedo de caliveras mondas na loita, poderemos dicir que o trunfo e noso. I-entón, o tremar dos déspotas nen ha finire endexamais.

E remato de dicirvos coma temos de loitar, coma a nosa laboura ha sere encamiñada: pol-os ruiros da rebelión e con fochas acesas nos osos dos santos de Carral. Non hemos tremar, car soilo tremen os cativos de espírito; i-un home que loita por amor a terra que o

acouga non pode sere cativo. Cativo e o que defende o que non e seu, e rouba e mata, si e perciso, pol-o que soilo pertece aos alleos. Nos anceiamos conquistar o noso, o noso tan aldiado pol-os que o poñen coma eixemplo da cativeza e ruindade.

Coidados! Se o noso e tan ruín, por qué non nos deixan a nos co a nosa cativeza? E se estamos mais outos que iles, que deprendan de nos e non enlamen o noso ruiro. Se o reiseñol fose ruín, non percuraríamos telo con nosco, coma a Castela percura da Galiza; mais se o reiseñol non e ruín, e perciso deixalo en liberdade, car na xaula non ha cantare coma canta na veira do río, cando os peixes aboian por ouvilo. E seica xá houbo mais de un peixe que, alelado co canto, morreu abafado.

Irmáns: Ehi temol-a xesta heroica dos revolucionarios do 46. Ehi temol-os estudantes da Universidade de aquela, deixando a troula pol-as armas; i-ehi temol-os labregos de entón, aafiando as foches. Se Galiza non ceiba a súa opresión central, deamos o noso esquelete pra erguere o penedo de osos que ha faguer tremaren aos cativos deica o intre da morte. Eu vos digo que, pol-o menos, a nosa calivera prestaráse eisi pra niño de volvoretas, i-esto e millor que tela enriba das hobreiras pra niño de morcegos.

Se somos vítimas a nosa impotencia, sexamos ao menos mantenza dos peixes ou sávia dos albres, denantes dal-o lombo as trallas vergoñentas dos déspotas.

Mais non odiedes. Eu son cristiá, e como cristiá prégovos que non odiedes. Mais eu sei que non poderedes amar aos inimigos; a indiferencia e a meirande mostra de superioridade. E se algún día trunfamos, xá lle amostremos a Hespaña enteira coma a Galiza ten arrollos de nai e acougos de noiva, e ubres de madroa e abuideza de vestal. Namentres, témoslle de amostreare coma a Galiza ten peito de home e audacia de noivo, e nervo de mozo e inteireza de vello.

Irmáns: Eu vos invito pra a loita. E non hemos loitar coma o coello que fuxe da raposa, non; eu sei ben que se o coello fincara os dentes nos fuciños do seu inimigo, tiña xá moito camiño andado pra gañar. Nos temos de dal-o peito, e se en derradeiro termo a raposa nos pilla, morramos co-a idea de que cando nos xanta e car hemos tere bo celme.

Deitemos a pedra da nosa indiñazón na mansedume eistúpida dos illós e acendamos fochas nos osos dos bos de Carral. Eu si de certo que os seus espíritos andarán con nosco, latexarán a nosa veira e daránnos o bafo lene e balsamado do seu inmorredoiro amor a Galiza.

Eu ben sei que o espírito dos mártires de Carral está con nosco.

Homes de Carral: VIVA GALIZA.

Xosé MARIA ALVAREZ VÁZQUEZ.

### IRMANOS:

Perante a II Asambreia da F. M. G. soio temos que decir:

¡VIVA GALIZA! ¡VIVA GALIZA!

E

¡¡VIVA GALIZA!!

ma, a do parásito centralista que se nutre da realidade e quere vivir nun ambiente irreal.

Naceu o actual Goberno, e, no orde internacional un fondo de tebras era a perspectiva que se lle dibuxaba no horizonte, namentres que no tocante os problemas nazonales a enfermidade era crónica do sistema e pouco podía facer porque a il se debía.

Problemas presentes e problemas de sempre. Solucionar úns e outros fora o feito que lle dera vida o Goberno. Composto de elementos técnicos e a-políticos a misión primordial era a de dar sensación de forteza pra camñar conpaso firme cara o fin.

Alentada a nave por istas duas preocupacións, unha do momento e outra constante, recibiu o soplo vital no Palacio de Oriente ca encomenda de pacificar os espíritos e facer posibel unha concordia dentro doréxime de todol-os que d-algún xeito se atopan achegados a il, como meio para lograr colaboración na obra.

O Gabinete escomezou a aiutar e xá temos probas mais que palpables da súa situación. Os feitos falan por si sólos con mais clarividencia que nos poderíamos facer.

### Política nacional

Aínda lembramos as declaracións do Ministro de Agricultura; temos moito que facer que non se fixo, tendo en todo intre en conta as características de cada nozonalidade da Iberia.

Paralelamente as verbas lembremos os feitos.

O Tratado co Uruguai, o xá famoso tratado, foi aprobado e novamente con proporcións de traxedia vense ameazados os habitantes do agro galego que terán que saborear a fame que o centralismo espalla pol-a nosa Terra endiante.

### Política internacional

Mencionemos no orde internacional a solución que se lle quere dar os problemas.

No plazo de cinco anos teñen de estar construídos cuarenta e dous barcos de guerra, feito que supón un ascenso abrumador no presuposto do ministerio.

España mantivérase da tradición e vivira da gloria do pasado, pero agora non pode permanecer impasible diante do espectáculo mundial.

(O epitomes de Historia que nos falaban na escola de todo un pasado de esplendor serán substituídos por armamento e marerial guerreiro que nos faga respetar algo mais que pol-as quimeras que foron e que xá non son) ¡Non sei que seia pior!

Pacificar os espíritos. Funcionarios no desterro. Políticos perseguidos. Presos políticos nas cadéas sufrindo torturas. Liberdades que siguen mediatizadas.

Pacificar os espíritos. Modernización do material de guerra xa existente e construción de outro novo. Cencia o servicio da barbarie.

Centralismo e imperialismo xunguidos para facer desventuras no chan da Iberia e procurar calamidás no mundo.

Como galegos protestamos e como célula que somos da universalidade repudiamos isa maneira de buscar a paz e concordia dos pobos do Planeta.

VICTORIANO BUXÁN RIVAS.

Pontevedra, 14 de Abril do 1935.

IRMANOS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

“OS DEZAS”

de Lalín-Moneixas (Pontevedra)

CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

SANTIAGO FERNÁNDEZ.

Redacción - Administración:

Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra

SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestras. Pago adelantado.

Número solto: 10 cts.

# A nosa terra

semanario do Partido Galeguista

Año XIX

Galiza, 20 de Abril do 1935

Núm. 362

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

AS CONFERENCIAS NO CRUPO DE OURENSE

## A DE IGLESIAS VILARELLE

O viernes 12 pronouciu o irmán Iglesias Vilarelle unha das mais interesantes conferencias do gran ciclo que este ano vén celebrando o noso grupo ourensán.

Comenzou falando dos congresos que sobor bilinguismo téñense celebrado e que en Galicia non se coñecen. O bilinguismo nos primeiros anos do neno, entre oito e dez, é un erro; é un erro porque n-esa idade téñ que ser unha a lingua e ha de ser precisamente a materna na que comenzo a falar o neno.

Esto está aceptado hoxe por todolos pedagogos mais non pol-os Estados pois os primeiros vén no neno somentes éso; o neno. En troques os Estados ollan o futuro cidadán de mañan.

Mais éste mal do Estado non se pode remediar? ¡Ju coído que si. En Catalunya cando chegou a República o primeiro que se fixo foi conceder un decreto que a xente chamou de bilinguismo pero que era monolingüismo.

Nós os galegos non podemos, por agora, tér eso mais traballando con afinamento chegará algún día en que o conquistaremos.

O irmán Iglesias refírese aos tes escolares e cita o caso que Troncoso, escritor portugués do XVI, refírese n-uns dos seus libros. Menciona tamén o do conde Lucanor alegando que o portugués semella ser anterior. Fala dos tes dos Estados Unidos no ano 1917 con motivo da Gran Guerra os cales outiveron un grande éisito.

Un de éstes tes foi o que nós recollimos o cal esta ensaiando o Seminario de Estudos Galegos téndose feito probas con 350 nenos—homes e mulleres—resultando unha media moi favorabel.

## MOXENAS

(Ven da páxina 1)

Don Xosé Xuncai, embaixador de Hespaña en Lisboa, cada vez que hai crisis, métese no leito.

Tratamos de esbigoar a que era debida esa indisposición, e non puídemos...

A xente dí que é porque como lle marran poucos meses pra cobrar o reitiro de embaixador, ten medo a perdelo todo por unha cativa solución.

Todo sería preferible a que voltase ser presidente do Centro Gallego de Barcelona, porque entón probiños de nós cóos seus plumbeos artigos a combater a Autonomía galega.

Opina don Ale. que o afinamento do réxime, débese en gran parte ao paso da Ceda pol-o Goberno.

Gil Robles dixo na Cruña que as forma de goberno son accidentales; que o permanente é a patria...

Cada un ve as cousas á súa maneira, e sendo asin, donde algun ve acatar, nos vemos boicotear.

Aquí tamén hai algo de conllevancia.

Se a Ceda volta ao Goberno, non cobe dúbida que será pra pedir as cabezas dos cen condeados a morte que hai no Supremo.

Voltarán a discutir e todos tan ledos.

A J. A. P. lanzou un manifesto de cindo que voltan a atoparse a sí mesmos.

Como non hai cousa que se non sepa, resulta que o manifesto foi feito pol-o propio Gil Robles.

Así ten espicación aquilo de que atoparon un home de veras.

Por nós...

Quen pense que Emiliano vai a México, está ben trabucado. Emiliano non deixa a provincia de Pontevedra, porque botaría de menos as enchentas que lle pagan seus amizagos.

Pero hai mais. Sabemos ben que as cousas non aconteceron tal como dicen os xornaes. Nós non podemos decilo porque seirá darlle traballo ao Censor.

Emiliano non vai a México... Non pensesdes que é porque non lle deran o placet.

ASER DAS AIRAS.

Refírese despois a intelixencia media do neno afirmando con cifras e argumentos que o noso neno e inlelir xente e si non adender non e culpa do maestro sin da súa constitución mental sinón pol-os desastrosos métodos que o Estado fai que cumpra o nos escolante.

Remata o irmán Iglesias dirixíndose aos escolantes, que en gran cantidade asistiron a conferencia, a que enceten esta marcha en pró do neno e d-éles mesmos, de rehabilitación do insino en Galicia, tan desatendido, como moitos outros problemas nosos pol-os gobernos centraes.

A conferencia do irmán Iglesias, de cuia importancia pódese xugar pol-o resumo que antecede, foi recibida con grandes aprausos e felicitacións pol-a gran cantidade de público que a éla asistiu.

## Grupo de Baión

O día 5 cerebrou iste Grupo xunta xeral co ouxeto de elexir Directiva e dar comenzo as aividades do grupo suspendidas fai seis meses.

Asisten a maoria dos afiliados por los que foi elexida a seguinte Xunta directiva:

Presidente, Antón Pintos Miguez. Segretario, Xosé Suárez y de la Iglesia.

Vice, Manoel M. Caamaño. Tesoureiro, Francisco Padín Loureiro.

Contador, Manoel Ares Abalo. Vocales: Xosé Leal Fresco, Xosé Benito González y Manoel Novás Trigo.

Esta Directiva tomou posesión o miércoles 10, e señalou a data do 17 pra xuntanza xeral, co ouxeto de nomear os delegados e fixar acordos, pra Asambrea do 20 e 21 en Santiago.

Douse ingreso a seis irmans que o solicitaron.

## Grupo de Santiago

En xuntanza xeral feita pol-o grupo santiagués do noso partido ficou elexida a seguinte nova directiva que comenzo xá a situar con grande entusiasmo.

Segretario Xeral, Xosé Teixeira. Idem administrativo, Manuel Trillo. Idem de propaganda, Xoán Brañas. Adxunto, Manuel Lema. Idem, Francisco Barreiro.

## Gran Fábrica de Cervezas

# A BARXA

TIPOS:

DOURADA

MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

## Grupo de Vilagarcía

Xuntouse n-ista semán para tratar de serios asuntos e na mesma xuntanza elexiuse a seguinte directiva:

Presidente, Xosé Abad. Vice, Benigno Saavedra. Segretario, Aquilino Iglesias. Tesoureiro, Leopoldo Sampedro.

Vocales: Luis Villaverde, Dámaso Canasco e Manuel Encisa.

## ¿Fillo adoutivo?...

«Castellanos de Castilla tratade ben os gallegos; cando van van como rosas, cando ven ven coma negros.»

Rosalía de Castro.

Así se laiaba a inmorte Rosalía en tempos pretéritos, cando un réxime tarouco de aberracións sanguinarias tiña tolleita de pes e mans a nosa Terra; cando coidaba que pronto un novo sol resplandecente alomearía con toda forza o terreo asoballado; cando nos seus sonos dourados, tan dourados como noso millo maduro, ollaba o rexurdimento d-os fillos da escravitude, da fame, do desprezo...

Probe santiña que todol-os seus pasos no xardín galego foron lembranzas como choros agónicos do neno a quen lle falla o calor da mai; como chirridos de ferro a quen as inhumanas maquinarias renden pol-a forza, coma choros de cego vello a quen o lazariño abandoa na montana lexán; coma piidos de inocente paxaro que cai na cadea d-un rillote que o mole... ¡Ai, se voltaras despertar, Ruliñal! Se apareceras de novo n-este mundo e contemplaras que o teu froito inda non saíu, qu-está podre na terra que tanto cultivache, ¿qué sería de tí? ¿Qué farías coidando que inda campan os féridos e duros? Morrerías de vergoña. Voltarías decidida á cobra cúa terra fumenta comeu o teu corpo redentor; fuxirías asustada ant-a presencia d-os esqueletos galegos a quenes quixeches defender co-á tua lanza xusticeira dos cans doentes que habian de roerlle os osos; ti mesma botarías sobre da tua testa a manta de terra que ll-impedise ollar mais estas terras acastelanadas, esquencidas do seu deber, mortas por falla de sangue limpa nas suas arterias...

Velahí coma se exprica o que inda haxa cidades galegas que se deixen arrastrar de tal modo pol-o aventureiro dexenerado da porvincia, verdugo dos mais outos sentimentos dos povos galegos, fabricante d-alcaldes, cacique máisimo, can arrastrado que laia sin acougo por un oso gordo que conquireu cando xa era tarde, serpe que quer cegar vilas i-aldeas coa sua mirada criminosa de incorrexibel, hasta o extremo de nomealo fillo adoutivo d-unha Terra divina que tivo a disgracia de parir un aborto monstruoso, coma se fora un-ha virulenta plaga que Deus lle mandou, inmerido castigo doente e cego ceceais por darnos un-ha vista, un-ha voz i-un corpo de que non usamos, que para saber de codia terrestre coma un monigote de trapo, uns corpos sin vontade, uns lobos mortos cuia fereza trocouse na risa d-as medrentas ovellas que acabaron por mexar sober d-iles...

Ahí temos o «fillo pródigo» da parábola, perdonado i-encumbrado por uns cantos «homes» a quenes primeiro cegan os azucarillos i-as cheas có amor a Galiza. «Tales pra cales», di-xéra o outro.

Pro non nos vamos lixar eiquí n-isas meudanzas nin a conquistar sabere se os pesos que pagan comendainas e pergaminos son castelanos ou... doutro xeito. Iso non nos importa ren. Non vamos apreciar tampouco a clas de xente que danza nises bailes porque é ben coñocida. O úneco que queremos ver é o seguinte. ¿Qué atribucións teñen aquél que perderon o dreito á Terra por asoballala de todol-os xeitos, que non-a recoñecen pra nada, pra nomear esas adoutividades cando

SI QUEREDES

XANTAR BEN

IDE A

## CASA PEPE


Dr. Cadaval, 13 VIGO

Para artigos de coiro e viaxe:

Ninguén como

## TALABARTEIRIA VEIGA

Senra, 9.—SANTIAGO



O Excmo. Sr. Gobernador da provincia de Pontevedra enviou ao Ministro da Gobernación un extenso telegrama dándolle conta dos aitos celebrados o 14 de Abril.

Un telegrama eufórico por todos coñecitos.

N-él fábase do enorme e desbordante entusiasmo que houbo nos aitos oficiais, nas acramacións que pol-o visto lle fixeron ao Emiliano os radicais que en coches numerados viñeron de algunhas partes da provincia, do asalto a Diputación e outros detalles semellantes que nós non podemos negar sexan certos anque non os viramos por estarmos no gran aito que a mesma hora fixeron os partidos republicáns.

O señor Portela ao recibir o telegrama debeu experimentar unha ledicia fonda ao ver que o seu pobo natal desbordouse de maneira tan fantástica en expresión republicán.

Tamén no telegrama dice que foi motivo de ledicia fonda a constitución na provincia do partido agrario que dirixen aquí os monárquicos señores Landín e Viñón, éste gobernador de Huesca cando o fusilamento de Galán e García Hernández, e Rodríguez Viguri, ministro entón no goberno que mandou fusilar aos heróicos capitáns.

E ao remate dice no telegrama que a moitedume pedía a berros dirixíndose ao Emiliano: ¡QUE NO SE VAYA, QUE NO SE VAYA! Expontáneamente queremos con-

a mai non quer recoñecer un fillo adúltero, que en por parte a desanga i-escarnece? ¿E que zicáis uns cantos esquencidos encarnan os nobres sentimentos da nosa Galiza? ¡Non hól! Eso non-o veredes nunca. Ese indivo será fillo adoutivo voso, que non sodes galegos, será fillo adoutivo voso, repito, como serán os concellos que formen contra a vontade de todos, ouvindo doentes protestas que pasou por alto—esta xente non se colorear por nada—, pro do pobo sano da Galiza verdadeira, eso endexamais, porque no se d-esa santa Dama non caben os zaramagos que comen os froitos das nosas leiras, nin os lobos que asombran as montañas cos seus arrazos, nin a pezoña que envenena a i-alma dos pobos com-ó trubisco envenena a plateada auga dos nosos ríos. Galiza solo quer no seu seo limpeza, moita limpeza; homes que antes de nomeala enxagüen ben a sua língua no río da rexeneración; peitos desinfectados pol-a medicina da sana vontade e da firme nobreza; i-almas sanas e purificadas com-o sol que alumea as montañas i-as campias galegas; gorxas que doces como roiseñor, altas comas calandrias é rexas comós carballos canten a pulmón aberto as ledicias d-ista Terra que lanza laídos de liberdade... Galiza, pol-a sua inmensa grandeza i-a sua dinidade inmaculada, non pode acubilar aquél que fixeron chorar á sua Pombiña d-iste xeito:

«Aquél que ten fama d-ousados na vila roubáronme canta brancura eu tiña, votáronme estercos nas gabas d-un día, a roupa de cote puxéronme en tiras. Meus fillos, meus anxos que tanto eu quería morreron... ¡morreron ca fame que tiñan!»

Galiza, n-unha palabra, solo recoñece por fillos aquél que por riba dos intreses prúpeos dan de lado a certos favores d-un centralismo que soilo nos coñosce pra cobrarnos os trabucos é rirse de nós; aquel que botando no montón dos trastes bellas verbas patrioteiras que ceiban sobornados por fedurentas piltrafas, voltan os seus ollos cara terra asoballada e berran en troques con toda forza das suas entranas: ¡Galiza! ¡Terra!...

XESÚS FRAIZ GÓMEZ.

Lalín, abril do 1935.

tribuir, pol-a nosa parte, a divulgación de aitos tan republicáns que demostran de xeito rotundo que Pontevedra non téñ nada que envexar a ningunha provincia no que atingue a republicanism e compenetración co-as súas autoridades e diputados. Que conste así para coñecemento das xeneracións vindeiras.

Por fin o Emiliano conquireu entrar na Cámara presidencial. Unha visita protocolaria pois como todo o mundo sabe para evacuar as consultas políticas en nome da minoría radical que preside vai sempre outro señor calquera.

A nosa embora cordial. Por algo se empeza.

A xente cando lle da por falar non téñ acougo. Agora andan a decir por ahí que o Goberno mexicán negoulle o placet ao Emiliano e que mediante certas negociacións foille concedido a condición de que non aparezca por aló.

Un outo deber de xusticia e información fidedigna obriganos a desmentir semellante rumor.

E o que non o crea que agarde a ver si Emiliano vai ou non vai a patria de Pancho Villa.

Para saber d-unha vegada si a Ceda e o partido agrario son verdadeiramente republicáns sería ben que se nos contestara a esta pregunta:

¿Cántos aitos celebraron eses partidos en toda Hespaña para conmemorar a proclamación da República?

O señor Caminero, xeneral da oitava División, invitado pol-a Radio-Coruña, para decir unhas verbas sobor do 14 de Abril, tivo un canto a bandeira azul e branca, a nobre bandeira galega que ensalzou en termos calurosos.

Ante o micrófono de aquela Radio que se nega a transmitir o noso Hino, o republicanism xeneral doulles unha leición que supoñemos lles sentaría a corno queimado.

## Correspondencia administrativa

A. Pintos Miguez. BAIÓN.—Recibida a súa carta e xiro de pesetas 8 para pago dos números enviados para a venda. Moitas grazas.

Francisco Pereira. REDONDELA.—Recibida a súa carta e xiro de pesetas 41. Conforme c-oa liquidación e moitas grazas. Moi bén esas follas. Fica feita a reitificación que indica.

Amadeo Varela. OURENSE.—Recibida a súa carta. Fican feitas as reitificacións que indica e dadas as altas de M. Alvarez e C. Vila. Os recibos enviados, en vista do que manifesta, quedan anulados e no momento oportuno mandarémollos os novos. Agardamos continúe a labouira patriótica dos irmáns de Monterroso.

## Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado

FLETAMENTOS,

CONSIGNACIÓNS,

TRÁNSITOS.

## VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra